

## Orientacións para as familias

Cando o/a neno/a comeza a súa escolarización, aos 3 anos de idade, os procesos de simplificación da fala son normais. O/a neno/a emprega unha *linguaxe infantil* porque se atopa neste estadio de adquisición da linguaxe. Aos 4 anos o/a neno/a xa está en disposición de falar correctamente, aínda que seguirá amosando dificultades ante palabras que conteñan os sons /r/ e /rr/, así como os sinfóns (/pr/, /pl/, /br/, /bl/, /tr/ /cr/...). En todo caso, cada neno/a ten un ritmo individual de desenvolvemento polo que debemos darlle un tempo para que vaian madurando. Só se as dificultades persisten máis aló dos 6 anos, ou se detectamos algún problema físico (frenillo...), deberemos consultar a un especialista.

A contorna familiar non só é o ámbito natural para o desenvolvemento da comunicación, é tamén o único que pode proporcionar unha estimulación intensiva ao longo dos 365 días do ano. Esta estimulación está profundamente unida ás condutas espontáneas e naturais da vida cotiá. Dentro destas actividades da vida diaria, hai algunhas que, pola especial relación que se produce entre o/a neno/a e os pais, son moi apropiadas, como: a comida, o baño, o vestirse, o deitarse, os momentos de xogo.... Porén, non só se deben aproveitar estas situacións naturais e espontáneas da vida diaria para estimular a linguaxe do neno/a, senón que é necesario tamén provocar situacións novas, como comprar un conto e lelo con el, ou ir a unha feira, ao campo ou ao parque e comentar o que vemos.

## Actividades para a estimulación

### *Non darlle demasiados mecos.*

- A sobreprotección atrasa o desenvolvemento xeral e, polo tanto, a linguaxe. Débese fomentar a autonomía, animándoo a facer cousas e valorar o que fai aínda que sexa imperfecto.

### *Calquera forma de comunicación é interesante.*

- Favorecer un clima familiar agradable no que o/a neno/a experimente o pracer e a necesidade de comunicarse. Esta comunicación pode ser oral, utilizando algún son ou palabra, e tamén xestual, sinalando ou indicando algo coa man.

### *Ofrecer bos modelos de expresión oral.*

- Non falarlle ás présas nin berrando.
- Evitar a afectación e o meco ao falarlle.
- Articular correctamente.
- Utilizar un vocabulario adaptado ao/á neno/a, pero facendo este cada vez máis amplo.
- Empregar na linguaxe habitual as normas básicas de cortesía: “por favor”, “grazas”, “bos días”...
- Fomentar a conversa aínda que por parte do/a neno/a sexa moi sinxela, e non interrompelo.

### *Favorecer a mobilidade e a axilidade dos órganos buco-faciais.*

- Xogar a poñer caras feas, a facer movementos da lingua ou a facer vibrar os labios, e observar a cara nun espello.

- Evitar os alimentos triturados e o biberón a partir dos 3 anos: é preciso fortalecer os órganos da boca.
- Afacer ao/á neno/a a usar o pano cando o necesite e a limpar os mecos de forma autónoma.

### *Favorecer a percepción auditiva.*

- Chamar a atención sobre algún son e pedirlle silencio para escoitar mellor, procurando que centre a atención no que oíe: “parece que chamaron á porta, quen será?”, “óense voces, quen chegaría?...”
- No campo: escoitar os cantos dun paxaro e intentar adiviñar onde está; oír as ras dun estanque; escoitar o zoar do vento entre as árbores e o son da choiva...
- Na cociña: fixar a atención no ruído do batedor, no son rítmico do bater dos ovos e da auga da billa...
- Imitar as voces de diferentes personaxes, enfatizando a entoación, á hora de lerlle un conto ao neno ou ao xogar con el.
- Xogar a adiviñar polo son o que acontece en sitios próximos: “A ver se adiviñas o que está a pasar na rúa?”, “Que estará a facer mamá na cociña?”...
- Pechar os ollos mentres escoitamos un anuncio da tele e intentar identificar os diferentes sons que se inclúen no mesmo.
- Confeccionar un “diccionario infantil” utilizando debuxos feitos polo/a neno/a, recortes da publicidade... e ir clasificándoos pola súa letra inicial e engadindo os que vaian xurdindo.

### Fomentar a correcta articulación.

- . Cando un/unha neno/a ten dificultades específicas nalgún fonema, non convén que as persoas adultas fixen constantemente a súa atención e a do/a neno/a sobre ese defecto. A forma correcta de actuar é devolverllo ben pronunciado, poñendo énfase na articulación correcta, pero sen chamar a atención do/a rapaz/a sobre o fonema mal articulado.

### Ampliar o seu vocabulario comprensivo e expresivo.

- . Observar e comentar o que vemos polas ventás da casa.
- . Comentar o que vemos cando viaxamos en coche: animais, árbores, edificacións, características da paisaxe...
- . Empregar textos con pouco texto e abundantes imaxes para ir nomeando o que aparece nos debuxos, fotos, láminas... segundo o seu interese.
- . Buscar a colaboración do/a neno/a á hora de facer as tarefas da casa (ordenar caixóns e armarios, facer a comida...) e ir verbalizando o que facemos.
- . Empregar o momento das compras para comentar as cousas que hai na tenda.
- . Aproveitar as excursións ao campo, as saídas ao parque... para ampliar o seu vocabulario.

- . Fomentar e propiciar situacións de diálogo: falarlle e escoitalo/a moito, de maneira que se estableza unha situación estimulante, desde o punto de vista lingüístico, na que o/a neno/a reciba numerosas e variadas mensaxes e sexa incitado/a a responder activamente coa súa propia linguaxe.
- . Responder ás preguntas que faga: “quen é?”, “para que serve?”, “por que?”... Convén que as respostas sexan sinceras e teñan un carácter explicativo.
- . Comentar en voz alta o que se está a facer.
- . Comentar a resposta do/a neno/a dicíndolle a primeira sílaba, palabra ou frase para que a remate: “poñemos o panta...”, “a tesoira serve para...” Non importa que a resposta sexa incorrecta como “eta” por “chaqueta” ou “atos” por “zapatos”. O importante é que se exprese. Reforzaremos a resposta devolvéndolle a palabra completa, pero sen corrixila de forma explícita.
- . Recoller o enunciado que construíu mal e devolverllo aplicándolle algunha corrección e/ou ampliación. Esta técnica podemos aplicala tanto a nivel fonético como semántico ou morfosintáctico.

.....

## FAI da estimulación da linguaxe UN XOGO DIVERTIDO en FAMILIA

.....

Departamento de Orientación  
‘CEIP DO FOXO’

CURSO 2017-18

# ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

(ED. INFANTIL E 1º E 2º CURSO DE ED. PRIMARIA)

GUÍA PARA AS FAMILIAS



*A linguaxe é o instrumento de comunicación máis importante que temos os seres humanos. Ademais, o seu adecuado desenvolvemento é decisivo para a estruturación do pensamento e a acción do neno, para estruturar e regular a súa personalidade e o comportamento cos demais, e como principal medio de información e transmisión de cultura.*